

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 3 de xuño de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 30 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María Jesús Lago Rey (asiste a todos os puntos agás ao 10a)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste ao punto 10a)
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
José Ángel Lago Filgueira (asiste ao punto 10a)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 10b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 3 de xuño de 2019 que se transcribe a continuación:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 16-05-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Prestación de servizo de vixilancia mediante sistema de alarma antirrobo conectada coa central receptora e de videovixilancia, incluíndo a súa instalación e mantemento nos inmobles xestionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. EXPTE. 16138-77” que rematou o día 31 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha proposta”.

Á vista do anterior certificado a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación para que declare deserto este procedemento:

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, de servizos dun sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 16 de maio de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 31 de maio.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 3 de xuño de 2019:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 16-05-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Prestación de servizo de vixilancia mediante sistema de alarma antirrobo conectada coa central receptora e de videovixilancia, incluíndo a súa instalación e mantemento nos inmobles xestionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. EXPTE. 16138-77” que rematou o día 31 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha proposta”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 3 de xuño de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77) por non terse presentado ningunha proposición”.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) (informe sobre C con proposta de clasificación)

A secretaria le o listado de licitadores admitidos a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión de Desenvolvemento local e Emprego e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local por atribución temporal de funcións o 30 de maio de 2019 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de marzo de 2019, por non cumprir os requisitos de presentación da documentación previstos na lexislación contractual e no prego de cláusulas administrativas particulares ao ter desvelado a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre A *“DOCUMENTACIÓN PERSOAL”*.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	95,12
2	E7 2014, S.L.	48,72

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	FCC AQUALIA, S.A.	90,75
2	CLECE, S.A.	69,66
3	UTE ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A. e EBONE SERVICIOS EDUCACIÓN DEPORTE, S.L.	55,25

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, S.A. , o día 27 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida o 29 e 31 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FCC AQUALIA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por FCC AQUALIA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 21 de maio de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 5.015.126,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 870.393,90 euros.*
- b) *O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros, sendo o importe do IVE de 3,58 euros.*
- c) *Propón un incremento de 15.000 euros do importe destinado á reposición de materiais non funxionables respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPT.*
- d) *Propón un incremento de 6.000.000 euros do importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 13 do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- e) *Incrementa a experiencia mínima esixida para a persoa responsable do contrato en 5 anos (8 anos en total).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) na seguinte orde descendente:

LOTE 1: VERÁN NÁUTICO I

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

LOTE 2: VERÁN NÁUTICO II

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

LOTE 3: VERÁN MARIÑEIRO

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos



Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAGENTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A escritura de constitución e o poder de representación esixidos na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (A acreditación da solvencia económica e técnica, o nomeamento do delegado, o compromiso de adscrición de medios e o acordo de confidencialidade xa foron presentados no sobre A).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares"*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro e único lugar, TIERRA Y MAR MULTIAGENTURA, S.L., o día 30 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida o 31 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TIERRA Y MAR MULTIAGENTURA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 22 de maio de 2019 e co acordo da Mesa de Contratación do 27 de maio de 2019 polo se outorgou ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) coas seguintes condicións:

- Lote 1 VERÁN NÁUTICO I

- a) O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

- Lote 2 VERÁN NÁUTICO II

- a) O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

- Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO

- a) O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no



PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U.	94,59
2	VODAFONE ESPAÑA S.A.U.	73,80

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U., o día 27 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida o 3 de xuño de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 14 e 20 de maio de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Adxudicar á UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 2.088.567,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 362.478,69 euros.
- b) Propón os seguintes prezos unitarios:

Servizo	Custo anual sen IVE
Red Wan Corporativa	
Sede tipo A	3.469,20€
Sede tipo B	3.827,88€
Sede tipo C	2.903,04€
Sede tipo D	673,68€
Switches LAN acceso usuarios (2)	
Inferior a 24 portos	613,92€
24 portos	613,92€
48 portos	1.227,84€
Acceso a Internet Corporativo	
Ampliación 100 Mbps simétrico garantido	1.773,48€
Rede de voz fixa corporativa integrada (1)	
Terminal gama estándar	182,50€
Terminal gama avanzada	182,50€
Terminal gama avanzada ampliada	222,50€
Terminal gama operadora	602,50€

Rede móbil corporativa integrada	
Tarifas Planas (3)	
Tarifa plana de datos IoT	48€
Tarifa plana estándar	192€
Tarifa plana gran consumidor	300€
Tarifa plana especial	600€
Terminais (1)	
Terminal básico	29,00€
Terminal smartphone estándar gama media	192,00€
Terminal smartphone gama alta	596,00€



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Seguridade MDM por terminal inscrito	32,40€
Servizo APN propio por terminal inscrito	0€
Bolsa para termináis móbiles (4)	26.896,50€
Servizos de comunicacións non integrados	
Liña RTB	161,28€
Acceso a internet < 30 Mbps asimétrico	326,16€
Acceso a internet 100 Mbps asimétrico	412,56€
Acceso a internet 100 Mbps simétrico	436,56€
Acceso a internet 300 Mbps asimétrico	448,56€
Acceso a internet 300 Mbps simétrico	472,56€

c) *Propón 2.024 horas anuais "in situ".*

d) *Propón as seguintes melloras:*

- *CVF.3.1 Servizos avanzados de seguridade*
- *CVF.3.2 Servizo de videoconferencia*
- *CVF.3.3 Servizo de aloxamento web e xestión de dominios*
- *CVF.3.4 Servizo de housing avanzado para sistema de respaldo e recuperación ante desastres*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:08	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA543-C2DE26-D1883D-F2EE18-PSSQC8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		